



## RESOLUCIÓN ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Asunto: Selección por quenda libre de unha praza de Técnico Medio de Normalización Lingüística (Galego) do Subgrupo A2.

Considerando o disposto nas bases de selección, e en exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Nomear a Comisión de Selección (Tribunal de Selección) que estará formada polos/as seguintes empregados/as:

PRESIDENTA: D. Carlos Manuel Varela Ulla

SECRETARIO: D. Manuel Franco Leis

VOCAL: Dna. María Eva Núñez Fernández

VOCAL: D. Roberto Rielo Iglesias

VOCAL: Dna. Concepción Cochón Rodríguez

Suplentes:

Dna. María Adela Pita Permuy

D. Manuel Reyes Villar

**SEGUNDO:** O Presidente do Tribunal de selección queda expresamente habilitado para establecer a data de constitución do tribunal e en dita sesión constitutiva se establecerá o calendario das probas, realizándose posteriormente o anuncio na sede electrónica.

**TERCEIRO:** As persoas candidatas poderán exercer o seu dereito de recusación nos termos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de “Régimen Jurídico del Sector Público”.

A presente resolución esgota a vía administrativa, podéndose interpoñer os seguintes recursos:

a) Recurso de REPOSICIÓN con carácter potestativo, ante o Concello de Vilagarcía, no prazo dun mes ó ser este un acto expreso, contado a partir do día seguinte a ter recibida esta notificación (art. 123, 124 e 48 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

Transcorrido un mes dende a interposición do Recurso sen que se dite e notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpoñer contra a





desestimación presunta recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses (art. 46 de la Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso/Administrativa).

b) Recurso CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Pontevedra ou aquel que legalmente corresponda, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte á notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa (Art. 8.1, 14.2.1, 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso/Administrativa).

c) recurso extraordinario de REVISIÓN, ante o Concello de Vilagarcía, nos termos do artigo 125 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, e no prazo de 3 meses contado a partir do día seguinte a ter recibida esta notificación.

En Vilagarcía de Arousa a 14 de febreiro de 2024.

O Alcalde - Presidente

D. Alberto Varela Paz

A Secretaria Xeral

Dna. Rosa Losada Suárez

